

## BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL “NADAL NOS BARRIOS”

### 1. OBXECTO.

O Concello de Ribadavia e Establecementos Asociados do Ribeiro, a través da iniciativa de participación cidadá, presenta o Concurso de Decoración Do Nadal “Nadal nos Barrios”, dirixido aos veciños/as e comerciantes do concello de Ribadavia, co seguinte fin:

- Fortalecer a participación activa dos/as cidadáns/as de Ribadavia.
- Contribuir a suscitar un ambiente de Nadal decorativo baseado na importancia que posúe o traballo en común, a fraternidade ou a cooperación.
- Cooperar ao aforro económico na de decoración do Nadal e dispoñer de elementos decorativos que acheguen á localidade unha contorna de Nadal acolledora e ilusionante.
- Dar protagonismo activo aos/as cidadáns/as e colectivos como fonte de desenvolvemento e intervención comunitaria na localidade.
- Fomentar aqueles valores locais que queden expostos nos distintos elementos decorativos do Nadal.
- Cooperar no uso de materiais reciclables como recurso educativo á cidadanía a través da transformación do espazo.

### 2. PARTICIPANTES.

Establécense dúas categorías:

- a) Familiar: Poderán participar neste concurso, todas aquelas persoas que realicen a súa montaxe no seu corredor, xanela, porta, fachada ou xardín exterior.
- b) Comerciantes: Poderán participar os comercios ou empresas privadas situadas no concello de Ribadavia e que realicen a súa montaxe dentro do propio termo municipal.

Os/as participantes ceden o dereito de imaxe da súa decoración ao Concello de Ribadavia.

### 3. PROXECTOS DE DECORACIÓN.

Os espazos poderán ser segundo categoría:

- a) Familiar: corredor, xanela, porta, fachada ou xardín exterior.
  - b) Comerciantes: porta, escaparate, xanela, fachada...
- A decoración terá que ter relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo/as participantes plena liberdade en canto a técnica e estilo.

### 4. MATERIAIS EMPREGADOS.

Para a decoración do Nadal poderanse empregar todo tipo de materiais que os/as participantes consideren oportunos, así como materiais chegados da natureza ou outro medio natural, a condición de que proveñan de tallas naturais. Poderanse empregar así mesmo elementos de decoración iluminativos.

### 5. INSCRICIÓN.

As persoas interesadas en participar no concurso, deberán formalizar as súas inscricións desde o 1 de decembro ata o día 11 de decembro de 2023, na dirección de correo electrónico [casacultura@ribadavia.es](mailto:casacultura@ribadavia.es)

Deberán presentarse ata tres fotos coa decoración realizada para ser avaliadas na correspondente Comisión Permanente de valoración.

### 6. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.

A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos será realizado por cada participante.

Os elementos decorativos do Nadal deberán permanecer expostos durante o período establecido (do 11 de decembro de 2020 ao 8 de xaneiro de 2023, ambos inclusive) no seu conxunto.

Se non se cumprixe dita condición, desestimárase a participación. Salvo causas maiores que serán valoradas na Comisión Permanente.

No caso de que se producise algún tipo de dano do material empregado durante o período de exposición, este será responsabilidade do comerciante ou particular que montou a decoración sendo o competente para a súa corrección.

Nas obras e decoracións expostas deberá reflectirse o nome do concurso “Nadal nos barrios”.

Do 9 ao 15 de xaneiro procederase ao desmonte da mostra.

#### 7. ENTIDADE ORGANIZADORA.

O organismo encargado da avaliación do concurso será o Concello de Ribadavia, a través da Comisión de Participación Cidadá cara a onde se dirixirán aquelas posibles incidencias, comunicados, etc. que xurdisen durante a celebración do mesmo a través do correo [casacultura@ribadavia.es](mailto:casacultura@ribadavia.es)

#### 8. XURADO.

O xurado estará composto por membros do Concello de Ribadavia.

O Xurado visualizará as fotos presentadas ao concurso na Comisión Permanente antes de finalizar o ano en curso 2023.

#### VALORACIÓN.

Para a valoración dos elementos decorativos do Nadal de cada Familia ou Comerciante, o Xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Iluminación.
- d) Fomento dos valores locais.
- e) Cantidade e tipoloxía de materiais reciclables empregados.
- f) Contido didáctico do proxecto.

Cada membro do Xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos.

A suma de todos os puntos recibidos polos/as membros do citado xurado, dará lugar aos/as gañadores do concurso. En caso de empate, volverá puntuar, pero nesta ocasión puntuarase do 1 ao 3, así sucesivamente ata a obtención dun/dunha claro/a gañador/a.

O fallo será inapelable, podendo declarar deserto o premio.

Os/as concursantes comprométense a aceptar a decisión do Xurado.

#### 10.PREMIOS.

- CATEGORÍA COMERCIANTES
  - 1º 120 €
  - 2º 80 €
  - 3º 50 €
- CATEGORÍA FAMILIAR
  - 1º 120 €
  - 2º 80 €
  - 3º 50 €

#### 9. ENTREGA DE PREMIOS.

A entrega de premios realizarase o venres 12 de xaneiro de 2023 no Salón de Plenos do Concello ás 13:00h, A inscrición neste concurso implica a aceptación expresa das súas bases na súa totalidade